



ACTA DA COMISIÓN ENCARGADA DA RESOLUCIÓN DA IV CONVOCATORIA DE CONTRATOS PROGRAMA PARA O DESEÑO ESTRATÉXICO E A INNOVACIÓN NA UDC

Convocada a reunión da comisión encargada de resolver a IV convocatoria de Contratos programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC para o día 29 de setembro de 2008 ás 11:00 horas, asisten a vicerreitora de investigación, a vicerreitora de organización académica, o vicerreitor de profesorado, o vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica, o xerente, o director da UTC e a vicerreitora de calidade e novas tecnoloxías. Escusa a súa asistencia a directora do CUFIE. Na reunión apróbanse os criterios que se van seguir para a resolución da convocatoria. Tanto os criterios establecidos como as propostas figuran a continuación.

Convocatoria para facultades e escolas

Seguindo o establecido nas bases da convocatoria acórdase financiar os proxectos asumidos polos centros participantes coas cantidades establecidas nesta.

No caso de existiren dous coordinadores oficiais dun mesmo máster financiarase só a un deles. Un cargo unipersoal non poderá recibir ao mesmo tempo financiamento por coordinación de máster, aínda que si poderá recibir nomeamento.

Un cargo unipersoal non poderá percibir simultaneamente a axuda por PRCC.

Aplicados estes criterios ás solicitudes a proposta de reparto é a que figura no anexo IA.

Convocatoria para o profesorado

No relativo á convocatoria de innovación docente a comisión acorda financiar a cada profesor membro do grupo cunha cantidade fixa de 400€ por unha soa vez.

Así mesmo, acórdase que en función do carácter do proxecto presentado subvenciónase con 200,300,400 e 600 € según a seguinte táboa:

A. Adecuación materias a créditos ECTS	200 €
B. Facultade virtual	200 €
C. Materias novos títulos (Grao o Máster)	200 €
D. Metodoloxías ECTS	300 €
D máis A ou B ou C	400 €
E. OCW	600 €
F. Ferramentas informáticas	600 €
G. Materia audiovisual multimedia	600 €
H. Intercambios universitarios	600 €

Convocatoria para o persoal de administración e servizos

A comisión acorda atribuír o financiamento a cada proxecto según os seguintes criterios:

- **CONCEDIDAS POR:**
 - o **M.X.-** Mellora da Xestión
 - o **S.X.-** Simplificación da Xestión
 - o **P.E.-** Vinculado directamente ao Plano Estratéxico
- **NON CONCEDIDAS POR:**
 - o **S.T.O.-** Solápase coas tarefas ordinarias do Servizo
 - o **N.M.S.-** Non implica melloras suficientemente significativas na área o nos procesos que xestionan
 - o **N.P.E.-** Non vinculado directamente ao Plano estratéxico da UDC
 - o **N.X.S.-** Non xestionan directamente as persoas solicitantes

Fronte a esta resolución poderá presentarse unha reclamación ante o reitor, no prazo dos dez días hábiles seguintes ao da publicación da resolución nos taboleiros.

A Coruña, 20 de outubro de 2008

Elena Sierra Palmeiro
Vicerreitora de calidade e novas tecnoloxías